

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 154 22-28 ABRIL '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 e-mail: imaxenova@imaxenova.com

O GOLF, PRODUTO TURÍSTICO DE GALIZA

TURGALICIA colabora coa Federación Galega de Golf na promoción e comercialización turística deste deporte en Galiza

A Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Turismo, promocionará o golf como produto turístico de Galiza, e para iso vén de asinar un convenio de colaboración coa Federación Galega de Golf para formar axentes profesionais que faciliten unha correcta comercialización exterior e establecer instrumentos de promoción que acrecenten o interese polo golf en Galiza.

Así, no ámbito formativo terán lugar varios cursos. Ademais dos xa celebrados sobre "Comercialización dos campos de golf", o vindeiro mes de maio impartiranse outros dous sobre "Turismo sostible e calidade ambiental dos campos", no Club de Golf de Miño e no Aeroclub de Vigo.

Así mesmo, como resultado desta colaboración, o vindeiro día 23 de maio celebrarase no Balneario de Mondariz a I Xornada Internacional de Turismo de Golf, na que se presentarán diversos relatorios e terá lugar unha mesa redonda en torno aos aspectos relacionados co impacto económico do Turismo de golf, as estratexias para o seu des-



A oferta de campos de golf en Galiza medrou durante os últimos anos.

envolvemento en Galiza, e o futuro do Turismo de golf no Estado.

Grazas ao aumento en Galiza nos últimos anos da oferta de campos de golf, abertos a usuarios temporais, o golf é xa un referente turístico de seu e orixina novos fluxos cara Galiza, ademais de dotar o territorio galego dunha oferta complementaria que axuda á desestacionalización do Turismo.

Información e inscricións para os cursos de formación: Tel. 981 54 25 67/ fax 981 54 26 68

Os responsables de Turismo dos territorios de "España Verde" reúnen-se en Galiza

Os directores xerais de Turismo dos catro territorios do Norte peninsular (Galiza, Asturias, Cantabria e País Vasco) que integran a marca turística "España Verde" deseñaron a pasada semana en Dodro (A Coruña) o seu plan conxunto de promoción internacional para os vindeiros meses, no que salientan as presentacións da marca "España Verde" en Tokio, Osaka e Nova York. Na xuntanza, celebrada no Pazo de Dodro, e organizada pola Dirección Xeral de



Turismo galega, como coordinadora este ano da marca "España Verde", estudáronse, ademais, distintas estratexias para a promoción turística conxunta des-

tes territorios como destinos diferenciados do resto do Estado, máis centrados no Turismo cultural, a natureza, a gastronomía e o Turismo de reunións.